



Rapaciñ@s Dixitais

Edición 2022



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2023

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons
Atribución: Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Contidos

1. Presentación: estratexia e contexto dixital galego	4
2. Rapaciñ@s dixitais: acceso ás tecnoloxías	9
2.1 Uso do teléfono móbil	10
2.2 Uso dos ordenadores e tablets	15
2.3 Uso de Internet	20
3. Tendencias dixitais dos rapaciños e dos moz@s	28
3.1 Actividades realizadas na Internet pol@s rapaciñ@s	29
3.2 Actividades realizadas na Internet pola mocidade	37
4. Moz@s: uso das tecnoloxías na rede	40
4.1 Comercio electrónico	41
4.2 Ciberseguridade	48
4.3 Administración electrónica	55
5. Comparación por idades: rapaciñ@s e adult@s	59
6. Acceso aos equipamentos educativos dixitais	63
6.1 Equipamentos nos fogares con rapaciñ@s	64
6.2 Integración das TIC na práctica educativa	68
7. Conclusións	70
8. Outros estudos relacionados de OSIMGA	73

4

9

10

15

20

28

29

37

40

41

48

55

59

63

64

68

70

73



1. Presentación

1.1 Rapaciñ@s dixitais

O informe de *Rapaciñ@s dixitais* foi elaborado polo OSIMGA por primeira vez no ano 2022. É unha aposta por estender o abano da análise da dixitalización da sociedade galega e comprobar en que medida está a evolucionar positivamente desde as idades máis temperás. Nesta edición de 2023 amplíase a información que se inclúen no informe grazas ao uso dos datos da enquisa estrutural a fogares do IGE, que na derradeira edición aplica unha versión ampliada do módulo de novas tecnoloxías.

O acceso á vida dixital de moz@s e rapaciñ@s potencia a adquisición de destrezas relacionadas coas competencias dixitais. Tamén lles permite acceder a ferramentas didácticas, de ocio e de comunicación que xa son omnipresentes de forma cotiá.

A incorporación á vida dixital prodúcese en idades cada vez máis temperás a través do uso de ferramentas ou dispositivos para a comunicación, o lecer ou a educación nas que ningún rapaciñ@ debería quedar atrás, polo que interesa o seus usos e tamén os equipamentos á súa disposición.

Ao igual que a edición do ano 2022, este informe toma como fonte de información os resultados do módulo da enquisa estrutural aos fogares, que desenvolve anualmente o Instituto Galego de Estatística (IGE), que vai dirixida á poboación máis moza, á de 5 a 15 anos. Para coñecer a dixitalización deste colectivo, a información foi proporcionada polos adultos titores, que facilitan datos sobre os hábitos dixitais das rapazas e rapaces. Nesta edición abránguese, en concreto, a seguinte información:

- Disposición teléfonos móbiles.
- Uso de tablets e ordenadores (sobremesa e portátiles).
- Uso de internet e frecuencia.
- Servizos e Actividades realizadas na Internet.

Todos estes indicadores poden ser desagregados por xénero, áreas xeográficas e se residen nunha vivenda en “risco de pobreza”*. Tamén se incorporan no informe indicadores sobre a dixitalización dos fogares nos que viven @s rapaciñ@s, comparándoos co do resto de fogares.

Ademais neste informe contéplase tamén aos moz@s galegos de 16 a 34 anos para ter una visión específica deste colectivo e comparalo cos rapaciños e coa poboación maior de 34 anos e menor de 75. Para estas idades, o cuestionario é moito máis amplo que o dos rapaciñ@s e pódese profundar máis na análise de multitude de actividades que realizan a través de internet.

*Considérase que unha persoa está en risco de pobreza cando o seu ingreso equivalente é inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Os ingresos equivalentes son o resultado de dividir os ingresos do fogar polas unidades de consumo do fogar.

1.2 Estratexia Galicia Dixital 2030

A incesante transformación dixital da sociedade galega materialízase a través de novas formas de traballar, xestionar servizos, relacionarse coa administración, formarse e vivir o tempo de lecer. É unha auténtica revolución, apoiada pola Administración Autonómica Galega mediante diferentes instrumentos vertebrados a través da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030), centrada no novo contexto da transformación dixital, onde a capacitación dixital de toda a cidadanía é un obxectivo prioritario e dará lugar a unha “Sociedade Dixital Inclusiva, promovendo as competencias dixitais para non deixar ninguén atrás”. Pon así a énfase na atención aos diferentes colectivos, áreas xeográficas e perfís que poidan ter máis dificultades na incorporación á dixitalización. Neste contexto é de vital importancia achegar análises máis desagregadas e especializadas sobre o alcance da dixitalización, focalizando nos colectivos máis vulnerables.

A adquisición de competencias dixitais comeza dende idades temperás, e interveñen factores do entorno social e familiar. Estes factores veñen amosando gran impacto nos diferentes niveis de desenvolvemento de competencias dixitais nos fogares e dos máis mozos e mozas. O nivel de competencias e usos dixitais dos pais/nais ou titores inflúen nos equipamentos dispoñibles e tamén na inmersión dixital dos membros máis novos do fogar. As fendas dos diferentes usos e accesos á dixitalización nos fogares son compensados en parte a través dos recursos do sistema educativo, que tamén teñen un espazo no último capítulo deste informe.

O uso das tecnoloxías dixitais dos máis novos permitiralles acadar un mellor nivel de competencias dixitais no futuro, tendo en conta sempre os usos seguros e recomendables para garantir a súa protección, adaptados ao nivel de madurez e coñecementos dos nen@s en cada etapa vital.

Neste estudo faise unha análise da dixitalización da xente máis moza en Galicia a partir da explotación de dous módulos da enquisa aos fogares de Galicia:

- Usos de dispositivos e internet de nenos/as de 5 a 15 anos.
- Información sobre equipamentos nas vivendas onde residen nenos/as en idade escolar obrigatoria, de 3 a 16 anos.
- Comparativas con outros tramos de idade
- Engádense indicadores de fontes externas como o INE, o IGE e o Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Para dar conta da evolución, preséntanse os resultados, nas variables que presentan continuidade nas diferentes edicións, dos catro último anos das enquisas a fogares do IGE dende 2019 a 2022.

1.3 Economía e Sociedade Dixital en Galicia


Dinámicas da poboación galega

As características sociodemográficas da Comunidade Galega están a mudar.

A poboación galega caracterízase por un alto nivel de avellentamento, unha tendencia semellante á observada en toda Europa. A poboación galega acada unha media de idade de 48,01 anos fronte aos 44,07 anos de media de España e dos 44,4 anos da UE. Este indicador non deixa de crecer, polo aumento da esperanza de vida e baixa natalidade, que a inmigración non chega a compensar totalmente.

Menos do 12% da poboación de Galicia é menor de 15 anos, acadando arredor de 305 mil rapaces e rapazas. A súa concentración en áreas próximas ás principais cidades e nas provincias de A Coruña e Pontevedra é aínda máis acusada que no caso da poboación xeral.

Máis do 75% da poboación reside nas dúas provincias occidentais de Galicia (A Coruña e Pontevedra) e existe máis peso da poboación feminina (as mulleres representan o 51,9% da poboación galega). Son cuestións a ter en conta ao avaliar as políticas e accións que se traduzan nunha sociedade dixital máis inclusiva.



Fonte: INE. Estatística do Padrón Continuo. Datos provisionais ao 1 de xaneiro de 2022. Elaboración Propia



O 79,8% do alumnado galego en centros de réxime xeral non universitaria en Galicia, faino en centros das provincias de A Coruña ou Pontevedra.

O alumnado das especialidades formativas máis tecnolóxicas está marcadamente masculinizado. Ante a pregunta de se esta diferenza de roles, pode ir acompañada de diferentes niveis de capacitacións e hábitos dixitais por xénero, analízase ao longo deste informe e tamén no estudo “Talento dixital. Estudo da traxectoria profesional do perfís STEM de Galicia. Edición 2023”, elaborado polo OSIMGA.*

Nas carreiras tecnolóxicas (Enxeñarías, Informáticas...), os homes son clara maioría, mentres máis mulleres cursan ciencias sociais e humanidades. Na FP obsérvanse tendencias semellantes á universidade.

Por outra banda, as probas PISA de rendemento dos estudantes aos 15 anos indican, no informe 2018, que Galicia lidera a puntuación estatal a nivel de Ciencias e tamén mellora a media estatal e da OCDE en Matemáticas. Na segunda, os homes melloran lixeiramente o rendemento das mulleres.

Matriculados/as en Familias Profesionais STEM. Curso 2020-21

	Homes	Mulleres	TOTAL
Edificación e Obra Civil	215	139	354
Electricidade e Electrónica	3.579	194	3.773
Enerxía e Auga	233	33	266
Fabricación Mecánica	1.922	90	2.012
Industrias Alimentarias	304	373	677
Informática e Comunicacions	3.859	537	4.396
Instalación e Mantemento	1.149	35	1.184
Química	370	475	845
Transporte e Mantemento de Vehículos	2.532	137	2.669
Total FP Medio/Superior STEM	14.163	2.013	16.176

Fonte: elaboración propia a partir da “Estatística de las Enseñanzas no universitarias. Ministerio de Educación y Formación Profesional”

*<https://www.osimga.gal/gl/informes/talento-dixital-traxectoria-profesional-dos-perfis-stem-de-galicia-edicion-2023>

1.4 A dixitalización dos fogares galegos

Dixitalización dos fogares galegos (ano 2022)



O 96,5% da poboación galega usa o teléfono móbil, ben sexa persoal, ou proporcionado polo seu empregador.

En 2022, a porcentaxe de internautas, mantense nos niveis acadados no ano anterior (89,3%). En termos absolutos, 1.763.218 persoas de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que supón un incremento de 68.052 internautas nos últimos catro anos.



As actividades máis comúns dos internautas galegos no 2022 son usar mensaxería instantánea (97,3%), buscar información sobre bens e servizos (87,5%), ler noticias, xornais ou revistas de actualidade en liña (85,7%), recibir ou enviar correos electrónicos (82,7%), usar banca electrónica (77,2%) ou telefonar por Internet/videoconferencias (72%).




O 83,8% dos galegos que realizaron xestións coas administracións públicas empregou internet para realizalas. Destacan as xestións sanitarias, cun 86,1%, xunto coa tramitación da declaración da renda (41,6%).



Fogares galegos con internet contratado. Evolución

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE 2022



O 77,8% dos fogares con persoas de 16 a 74 anos dispoñen de ordenador o que supón que 733.665 fogares galegos o teñen en 2022.

Fogares galegos con ordenadores. Evolución

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE 2022

Tal e como se recolle no estudo "Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2022", o 92,7% dos fogares galegos contan con internet contratado, un incremento do 0,5% respecto a 2021.

O 45,4% dos fogares con conexión a Internet, contan cunha velocidade igual o superior aos 100Mbps, o que supón un crecemento do 51,3% respecto ao ano anterior.

Fogares con internet contratado. Ano 2022



Fonte: OSIMGA + IGE 2022



2. Rapaciñ@s dixitais: acceso ás tecnoloxías

2.1




Uso do telefone móbil

2.1 Uso do teléfono móbil: rapaciñ@s e moz@s

Rapaciñ@s e moz@s que usan teléfono móbil


Nenos/as 5 a 15 anos

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)





Comparativa por idades

(% sobre o total de persoas de 5 a 74 anos)



(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




O 48,3% dos/as rapaciñ@s de 5 a 15 anos usan o teléfono móbil. Por idades, case 7 de cada 10 dos rapaciñ@s de 10 a 15 anos utilízano, fronte ao 18,8%, de 5 a 9 anos.

As diferenzas de xénero son mínimas, con 3,3 puntos porcentuais a prol das rapazas.



2.1 Uso do teléfono móbil: rapaciñ@s e moz@s

Nenos/as de 5 a 15 anos

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



As rapazas de 10 a 15 anos son as que máis utilizan o teléfono móbil


Segundo o último estudo "Galicia. A nosa vida en dixital. Edición 2022", o uso do móbil está moi estendido entre os galegos/as de 16 a 74 anos (96,5%), polo que este aparello está presente na case totalidade dos fogares galegos e por tanto o uso desta tecnoloxía por parte dos menores de 15 anos, está tamén moi estendida e practicamente non existen diferenzas por xénero.

A utilización dos teléfonos móbiles entre os rapaciñ@s en fogares en risco de pobreza é máis alto (55,1%) que nos fogares que non están nesta situación (46,4%).


2.1 Uso do teléfono móbil: Rapaciñ@s e moz@s

Uso do teléfono móbil: nen@s de 5 a 15 anos


Segundo a provincia de residencia



Nos concellos con maior número de habitantes



Segundo tamaño do concello de residencia





A provincia de Lugo lidera o uso dos teléfonos móbiles d@s rapaciñ@s (55,1%). No resto das provincias, máis do 45% de rapaces e rapazas usan o teléfono móbil no 2022.

Entre os concellos con maior número de habitantes, destacan as cidades de Ourense, Pontevedra e Vigo, nos tres casos superan a media galega con máis do 50%.

A porcentaxe máis elevada entre @s rapaciñ@s en 2022 que dispoñen de teléfono móbil obsérvase en municipios de menor tamaño poboacional, de menos de 10.000 habitantes.

2.1 Uso do teléfono móbil: rapaciñ@s e moz@s

Uso do teléfono móbil: nen@s de 5 a 15 anos
Segundo área comarcal de residencia



Nos niveis macrocomarcais, obsérvanse tendencias dispares no uso do teléfono móbil polos rapaciñ@s, con diferenzas de ata case 30 puntos porcentuais dunhas áreas a outras.

No uso desta tecnoloxía entre os rapaciñ@s destacan sobre todo zonas rurais, como as comarcas de Lugo Sur, A Mariña, Caldas-O Salnés, Lugo Oriental, Pontevedra Nororiental e A Coruña Suroriental. Nestas zonas supérase o 55% de rapaces e rapazas que usan o teléfono móbil.



2.2



Uso dos ordenadores e tablets


2.2 Rapaciñ@s e o uso do ordenadores e tablets

Uso da tablet ou ordenador (de sobremesa ou portátil). Nen@s de 5 a 15 anos



O uso de tablets e ordenadores nos últimos tres meses entre @s rapaciñ@s acada o 87,6% en 2022, sendo os de 10 a 15 anos os que teñen o maior uso desta tecnoloxía superando tamén aos mozos de 16 a 34 anos.


Hai unha diferenza, de máis de cinco puntos porcentuais, por nivel de ingresos no fogar no uso de ordenadores e tablet pol@s rapaciñ@s.




2.2 Rapaciñ@s e o uso do ordenadores e tablets

Uso da tablet ou ordenador (de sobremesa ou portátil). Nen@s de 5 a 15 anos



(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)



(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)




O uso de ordenadores xa está moi estendido entre rapaciñ@s de 10 a 15 anos e sitúase por riba do 95%.

Por xénero, non hai diferenzas significativas, sen embargo a distancia no uso destes dispositivos é de case 3 puntos porcentuais entre os menores de 10 anos, onde os rapaces teñen un maior uso cas rapazas, e iguálase entre os 10 e 15 anos.


2.2 Rapaciñ@s e o uso do ordenadores e tablets

Uso da tablet ou ordenador (de sobremesa ou portátil). Nen@s de 5 a 15 anos

Segundo provincia de residencia



Nos concellos con maior número de habitantes




A provincia de Pontevedra lidera o uso de tablets e ordenadores d@s rapaciñ@s. Todas as demais provincias acadan valores moi próximos a esa provincia, con máis do 85% de usuari@s en 2022.

Os concellos con maior número de habitantes seguen tendencias semellantes ás das provincias. Superan o 95% en Pontevedra e Santiago de Compostela.


O tamaño do concello presenta tendencias dispares no uso de ordenadores ou tablets. A porcentaxe máis elevada de uso en 2022 é nos municipios máis pequenos, os de entre 5.000 e 10.000 habitantes e de menos de 5.000.

Segundo tamaño do concello de residencia




2.2 Rapaciñ@s e o uso do ordenadores e tablets

Uso da tablet ou ordenador (de sobremesa ou portátil). Nen@s de 5 a 15 anos




Fonte: OSIMGA + IGE (2022)



Os datos máis destacados no nivel de uso de tablet e ordenadores no 2022, de rapaciñ@s están en áreas principalmente rurais, acadando ou superando o 90% en:

- Áreas da provincia de Pontevedra: Pontevedra nororiental e Caldas – O Salnés.
- Áreas da provincia da Coruña: área de Santiago, Costa da morte e A Coruña Suroriental
- Áreas de Ourense: O Carballiño – O Ribeiro.




2.3



Uso de Internet

2.3 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: Nenos/as de 5 a 15 anos



O 89,3% de rapaciñ@s de 5 a 15 anos xa se conectaron algunha vez a internet e o 88,7% fíxoo nos tres últimos meses.


O incremento é continuo cada ano da serie histórica e as tendencias mantéñense estables no último ano.

Por idades, a práctica totalidade dos nenos/as de 10 a 15 anos empregan internet mentres que no caso dos rapaces/as máis novos, de 5 a 9 anos, a porcentaxe de uso de internet sitúase no 76,8%.


2.3 Uso de internet: rapaciñ@s

Frecuencia do uso de internet nos últimos tres meses: nenos/as de 5 a 15 anos

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)






No que se refire á frecuencia de uso de internet, cabe salientar que o 71% de rapaciñ@s de 10 a 15 anos que xa navegan, fano a diario varias veces.

En troques, entre os de 5 e 9 anos, a distribución de respostas é máis dispersa. A frecuencia máis mencionada é “todas as semanas, menos de 5 días á semana”, co 44%. O 49,9% navega 5 ou máis días á semana por internet.

2.3 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: nenos/as de 5 a 15 anos



O uso de internet nos últimos 3 meses é lixeiramente maior entre os rapaces, con 2,3 puntos porcentuais de vantaxe respecto das rapazas.


Os nenos entre os 5 e 9 anos incorpóranse antes á rede ca as nenas. Eles avantan ás nenas en 4,3 puntos porcentuais no uso de internet pero nos de 10 aos 15 anos, a diferenza xa case desaparece.

Nos últimos 3 meses, os nen@s en fogares en risco de pobreza están, 1 punto por detrás do resto no uso de internet.


2.3 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: nenos/as de 5 a 15 anos

Segundo provincia de residencia



Nos concellos con maior número de habitantes




No 2022, novamente, Pontevedra lidera a dixitalización da xente máis nova, dado que o 90,7% de rapaciñ@s de 5 a 15 navegaron por internet nos últimos tres meses.

Entre os concellos galegos con maior número de habitantes, Pontevedra, Santiago de Compostela, Ourense, A Coruña e Ferrol superan o 90% de rapaciñ@s que se conectaron a internet nos últimos tres meses.

Ao igual que ocorría nos anteriores indicadores, son os rapaciñ@s dos concellos que teñen entre 5 e 10 mil os máis dixitalizados.

Segundo tamaño do concello de residencia




2.3 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: nenos/as de 5 a 15 anos

Segundo área comarcal de residencia

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos)





Dos rapaciñ@s que navegaron máis por Internet nos últimos tres meses, con máis do 95% de uso, destacan algunhas zonas de Pontevedra e A Coruña:

- Pontevedra nororiental (97,9%)
- Área de Pontevedra (97,7%)
- Caldas e O Salnés (97%)
- Área de Santiago (96,9%)
- A Coruña suroriental (95%)

2.3 Uso de internet: fogares con rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)





Mantense o crecemento do uso de internet por parte de **adultos que conviven con nenos** en idade escolar e superan en 7,6 puntos porcentuais aos adultos que non conviven con rapaciñ@s.

2.3.1 Uso de internet: evolución e comparación por tramos de idade

Usou internet nos últimos tres meses: evolución

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



O uso de internet no últimos tres meses acada o máximo valor entre os 16 e 34 anos. Porén, @s rapaciñ@s superan en nivel de uso de internet ao rango de 35 a 74 anos.



3. Tendencias Dixitais dos rapaciños e dos moz@s

3.1




Actividades realizadas na Internet por rapaciñ@s

3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s

Servizos de Internet utilizados polos rapaciñ@s

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



D@s rapaciñ@s que acceden a internet no ano 2022, arredor de 7 de cada 10 acceden para realizar actividades dedicadas ao entretemento tales como ver vídeos (72,7%), xogos online (72,4%) ou escoitar música (66%).


Esas son as principais preferencias entre nosos rapaciñ@s, seguidas das actividades de comunicación e ocio como ver películas baixo demanda (61,5%) ou usar mensaxeira instantánea (51,2%).



3.1 Actividades realizadas na Internet: moz@s

Servizos de Internet utilizados pola mocidade

(% sobre o total de persoas de 16 a 34 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Fonte: OSIMGA + IGE (2022)





Ao subir o rango de idade, dos 16 aos 34 anos, o uso da mensaxería instantánea é case universal entre os moz@s. Sen dúbida nestas idades os servizos relacionados coas habilidades de comunicación e información son fundamentais.

En xeral, máis do 50% dos moz@s utilizan tódolos servizos de internet polos que foron consultados, o que indica o avanzado grao de dixitalización e diversificación desta xeración.



3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Servizos de Internet utilizados polos rapaciñ@s




No rango dos 10 aos 15 anos, aumenta con forza o uso de todas as actividades analizadas a excepción dos xogos en liña. Neste caso, sobe menos, xa que o uso dos nenos de 5 a 9 anos é do 69,3% e o dos de 10 a 15 anos do 74,1%. É tamén esta actividade a que presenta máis diferenza en función do xénero xa que acada entre as nenas o 65,8% e 78,5% entre os rapaces.

Tamén a maioría de rapaz@s comezan pronto a ver contidos de vídeo (66,3% xa entre os 5 e 9 anos) ou películas baixo demanda (55,3%).

3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Servizos de Internet utilizados polos rapaciñ@s
Comparativa por idades

(% sobre total de persoas de 5 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



O uso dos servizos de Internet alcanza os seus máximos entre a mocidade galega de 16 a 34 anos. Así a poboación de internauta de 16 a 34 anos destaca na utilización de tódolos servizos ofertados na rede coa excepción dos xogos en liña, onde os rapaciñ@s son líderes.


As diferenzas máis notables entre moz@s e rapaciñ@s encóntranse nas actividades relacionadas coa información e comunicación (usar mensaxería instantánea, buscar información, recibir o enviar correos electrónicos ou participar nas redes sociais).

3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet polos rapaciñ@s e moz@s


Rapaciñ@s

(% sobre o total de persoas de 5 a 15 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)



Moz@s

(% sobre o total de persoas de 16 a 34 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)




O 87,6% dos nenos e nenas de 5 a 15 anos en Galicia utilizan portais ou sitios web educativos para comunicarse cos profesores, porcentaxe moi por diante dos moz@s de 16 a 34 anos que o fan só no 41,7%.

O factor da idade inflúe nesta variable que reflexa as necesidades formativas e as novas canles de aprendizaxe da sociedade actual, que combina as habilidades dixitais que adquire para adaptalas a súa formación académica.




3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet pol@s rapaciñ@s




Atendendo aos rangos de idade, a realización de actividades de aprendizaxe é maior entre os 10 e 15 anos, mentres que as diferenzas entre rapaces e rapazas son ínfimas.



3.1 Actividades realizadas na Internet: rapaciñ@s e moz@s

Servizos de Internet utilizados polos rapaciñ@s
Comparativa por idades



As actividades de aprendizaxe desenvolvidas en internet difiren por rangos de idade. Os moz@s de 16 a 34 anos son os que máis fan cursos en liña. As actividades relacionadas coa aprendizaxe en liña coma a consulta de material ou a comunicación co profesorado é máis común entre os rapaciñ@s de 5 a 15. A frecuencia de todas estas actividades baixa entre os adultos.

3.2



Actividades realizadas na Internet pola mocidade

3.2 Actividades realizadas na Internet:

Actividades realizadas por Internet nos últimos 3 meses pola mocidade

Actividdes de aprendizaxe			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Realizar algún curso en liña (ou parcialmente en liña)	26,5%	10,8	15,7%
Utilizar material de aprendizaxe en liña que non sexa un curso completo en liña	39,8%	22,7	17,1%
Comunicarse con profesores ou alumnos utilizando portais ou sitios web educativos	41,7%	24,9	16,8%
Actividdes de participación política y Social			
Emitir opinións sobre asuntos de tipo cívico ou político en sitios web ou en redes sociais	15,7%	5,4	10,3%
Tomar parte en consultas en liña ou votacións sobre asuntos cívicos ou políticos	10,1%	3,2	6,9%
Actividades relacionadas coa saúde			
Buscar información sobre temas de saúde	58,3%	-0,3	58,6%
Concertar unha cita cun médico a través dunha páxina web ou dunha app de móbil	57,5%	-2,5	60,0%
Acceder a arquivos persoais de saúde	36,7%	-1	37,7%
Acceder a outros servizos de saúde a través dunha páxina web ou dunha app de móbil en lugar de ter que ir ao hospital ou visitar un médico	28,2%	-0,1	28,3%
Actividades realizadas na Internet			
Vender bens ou servizos (transacción ou trato realizado en liña)	12,1%	4,7	7,4%
Banca electrónica	76,3%	-0,8	77,1%
Buscar emprego	22,3%	13	9,3%
Realizar apostas en liña a través dun dispositivo móbil ou fixo de uso particular ou en salóns de xogo ou similar	3,9%	1,9	2,0%
Colgar contidos propios a través dunha páxina web ou app para ser compartidos	55,4%	32,1	23,3%
Copiar ou mover ficheiros entre carpetas ou dispositivos	70,3%	22,6	47,7%
Copiar, mover ou almacenar ficheiros na nube	61,9%	27	34,9%



A excepción das actividades relacionadas coa saúde ou o emprego da banca electrónica, onde os maiores de 35 anos os superan, os moz@s internautas son máis activos na rede, observando as maiores diferencias en actividades tales coma “colgar contidos propios a través dunha páxina web ou app compartidos”, “copiar, mover ou almacenar ficheiros na nube”, onde @s moz@s superan en máis 25 puntos porcentuais á poboación xeral.

3.2 Actividades realizadas na Internet: mocidade

Actividades realizadas por Internet nos últimos 3 meses pola mocidade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos 3 meses)

Actividades relacionadas con móbiles e ordenadores			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Transferir ficheiros entre o ordenador e outros dispositivos	60,3%	22,7	37,6%
Instalar software ou aplicacións	67,1%	24,5	42,6%
Cambiar a configuración de calquera software, incluídos o sistema operativo e os programas de seguridade	29,0%	12,2	16,8%
Actividades relacionadas con la informática			
Copiar ou mover ficheiros ou carpetas	70,4%	25,8	44,6%
Usar un procesador de texto	65,0%	24,9	40,1%
Crear presentacións ou documentos que integren texto, imaxes, táboas ou gráficos	52,1%	27,5	24,6%
Usar software para editar fotos, vídeo ou arquivos de audio	46,7%	23,9	22,8%
Programar nunha linguaxe de programación	12,3%	6,9	5,4%
Usar follas de cálculo	39,1%	12,5	26,6%
Usar nas follas de cálculo as súas funcións avanzadas para organizar e analizar datos, como ordenar, filtrar, usar fórmulas, construír gráficos...	29,7%	11,1	18,6%




Nas actividades relacionadas coa informática e o uso de móbiles e ordenadores, as diferenzas xeracionais son aínda maiores que no caso anterior. Os moz@s superan en máis de 23 puntos aos adultos na instalación de software, mover ficheiros, usar procesadores de textos e en crear documentos que integren textos e imaxes e editar fotos, vídeos e audio.

Máis do dobre de moz@s que adultos programan nunha linguaxe de programación, editan fotos, vídeos e audio ou crean presentacións que integren textos e imaxes.



4. Moz@s: uso das tecnoloxías na rede


4.1



Comercio Electrónico

4.1 Comercio electrónico: mocidade

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



O 83,9% dos moz@s galegos de 16 a 34 anos compraron bens ou servizos a través de Internet durante o 2022, 30,1 puntos porcentuais máis que os maiores, de 35 a 74 anos.



4.1 Comercio electrónico: mocidade

Compras de produtos en formato físico a través dun sitio web ou aplicación, por motivos particulares, nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que compraron por internet nos últimos 3 meses)

Compras de produtos en formato físico			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Roupa (incluída roupa deportiva), zapatos ou accesorios	74,7%	9,4	65,3%
Artigos deportivos (excepto roupa deportiva)	23,6%	3,0	20,6%
Xoguetes para nenos ou artigos para o coidado de nenos	13,5%	-6,6	20,1%
Mobles, accesorios para o fogar ou produtos de xardinería	17,9%	-10,5	28,4%
Música en formato físico: CD, vinilos etc.	4,2%	0,3	3,9%
Películas ou series en formato físico: DVD, Blu-ray etc.	2,8%	0,1	2,7%
Libros impresos, revistas ou xornais en formato físico	19,3%	-3,1	22,4%
Ordenadores, tablets, teléfonos móbiles ou accesorios	22,3%	2,0	20,3%
Equipamento electrónico ou electrodomésticos	13,1%	-1,3	14,4%
Medicamentos ou suplementos dietéticos, como vitaminas (non se inclúe a renovación de receitas en liña)	5,7%	-1,3	7,0%
Entregas de restaurantes, cadeas de comida rápida, servizos de catering	29,6%	10,8	18,8%
Alimentos ou bebidas de tendas ou de supermercados	12,0%	-2,1	14,1%
Cosméticos, produtos de beleza ou benestar	16,8%	0,0	16,8%
Produtos de limpeza ou produtos de hixiene persoal	7,0%	-2,1	9,1%
Bicicletas, automóbiles ou outros vehículos ou as súas pezas de reposto	6,2%	-1,8	8,0%
Outros bens físicos	1,4%	-0,6	2,0%



As entregas a domicilio de restaurantes, cadeas de comida rápida ou servizos de catering, xunto coa compra de roupa (incluída roupa deportiva), zapatos ou accesorios definen o consumo dos moz@s galegos a través da rede e marcan a diferenza cos maiores de 35 a 74 anos.

Fonte: OSIMGA + IGE (2022)

4.1 Comercio electrónico: mocidade

Descarga ou subscrición mediante pago de produtos en liña, por motivos particulares, nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que compraron por internet nos últimos 3 meses)

Descarga ou subscrición mediante pago de produtos en liña			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Música en streaming ou descargas	23,8%	9,4	14,4%
Películas ou series en streaming ou descargas	24,9%	6,1	18,8%
Libros electrónicos, revistas en liña ou xornais en liña	9,3%	-2,1	11,4%
Xogos en liña, inclúe xogos descargados para smartphones, ordenadores, tablets ou consolas	16,5%	7,7	8,8%
Descargas de software, incluídas as actualizacións	17,9%	2,3	15,6%
Apps relacionadas coa saúde ou a condición física	9,9%	0,3	9,6%
Outras apps (por ex. relacionadas coa aprendizaxe de idiomas, viaxes)	7,6%	-0,9	8,5%
Entradas para eventos deportivos	11,9%	1,9	10,0%
Entradas a eventos culturais ou outros (cine, concertos, feiras etc.)	41,5%	12,2	29,3%
Subscricións a internet ou conexións de telefonía móbil	7,6%	0	7,6%
Subscricións a subministro de electricidade, auga ou gas	3,2%	-3,3	6,5%



A adquisición ou subscrición de produtos de ocio e entretemento son máis frecuentes entre os mozos. Así o 41,5% dos mozos/as de 16 a 34 anos adquiriron entradas a eventos culturais ou outros no 2022, fronte ao 29,3% dos maiores de 35 a 74 anos o que supón una diferenza xeracional do 12,2 puntos. Tamén o consumo de música e os xogos en liña son moi superiores entre a mocidade respecto aos adultos.

4.1 Comercio electrónico: mocidade

Contratación de servizos a través dun sitio web ou aplicación, por motivos particulares, nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que compraron por internet nos últimos 3 meses)

Contratación de servizos a través dun sitio web ou aplicación			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Algún servizo de transporte cunha empresa de transporte, de autobuses, compañía aérea, servizo de taxi ou condutores	18,9%	3,6	15,3%
Algún servizo de transporte cunha persoa particular	2,8%	1,5	1,3%
Algún servizo de aloxamento cunha empresa como hoteis ou axencias de viaxes	21,3%	-3,9	25,2%
Algún servizo de aloxamento cunha persoa particular	7,1%	2,4	4,7%



A contratación de servizos a través dun sitio web ou aplicación é mais frecuente para os moz@s que para as persoas de 35 a 74 anos, excepto cando se trata de servizos de aloxamento a través de empresas.

A maior diferenza xeracional atopámola na contratación de servizos de transporte, con 3,6 puntos porcentuais en prol dos mozos/as de 16 a 34 anos pero están 3,9 puntos por detrás na contratación de aloxamento a empresas. Pero pola contra, os moz@ contratan máis aloxamento a través de particulares. Semella unha diferenza de perfís de produto buscado máis que de usos das tecnoloxías dixitais.

4.1 Comercio electrónico: mocidade

Actividades financeiras realizadas, con fins privados, nos últimos 3 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que compraron por internet nos últimos 3 meses)

Actividades financeiras realizadas			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Comprou ou vendeu accións, bonos, fondos ou outros produtos de investimento financeiro por internet	1,3%	-1,8	3,1%
Subscribiu pólizas de seguros ou renovou as existentes, incluíndo as ofrecidas como un paquete xunto con outro servizo (por ex. un seguro de viaxe ofrecido xunto cun billete de avión) por internet	3,0%	-4,9	7,9%
Formalizou un préstamo ou hipoteca ou dispuxo dun crédito de bancos ou outros provedores financeiros por internet	1,3%	-0,1	1,4%



O uso da rede para a contratación ou subscrición de actividades financeiras é minoritaria na poboación internauta galega de 16 a 74 anos, tal e como se describe no último estudo realizado polo OSIMGA "[Galicia. A nosa vida en dixital. Edición 2022](#)".

No caso da mocidade internauta, o nivel adquisitivo e acceso a actividades financeiras é aínda menor que no caso dos maiores de 35 a 74 anos, o que implica que a diferenza xeracional neste caso está a favor dos maiores, sobre todo no referente á subscrición ou renovación de pólizas de seguros (-4,9 puntos porcentuais).

4.1 Comercio electrónico: mocidade

Razóns de non comprar por Internet

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que non compraron por internet nos últimos 12 meses)

Motivos para non realizar compras por Internet nos últimos 12 meses			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Non dispón dunha tarxeta de crédito/débito para poder pagar por internet	27,1%	22,7	4,4%
Falta de coñecemento para manexarse en internet	4,4%	-23,3	27,7%
Non tivo necesidade	52,4%	1,7	50,7%
Outra	8,8%	5,5	3,3%
Falta de confianza na recepción adecuada dos produtos, nas posibles reclamacións ou devolucións	8,8%	-8,6	17,4%
Problemas co reparto dos produtos (prazos moi longos...)	2,4%	-1,5	3,9%
Problemas de seguridade e privacidade (dar o número de tarxeta de crédito ou outros datos persoais...)	13,2%	-7,2	20,4%
Prefire comprar en persoa, quere ver o produto, fidelidade ás tendas, costume	43,1%	-32,9	76,0%



A principal barreira para non comprar por Internet que frea aos moz@s galegos fronte aos maiores de 35 a 74 anos é a de non ter necesidade, case na mesma proporción que os maiores de 35.

Aínda así, a maior diferenza cos de máis idade sitúase en “non dispoñer de tarxeta de crédito/débito” (+22,7 puntos porcentuais).


4.2



Ciberseguridad

4.2 Ciberseguridade: mocidade

Persoas que sufriron algún incidente de ciberseguridade nos últimos doce meses segundo a idade



O 59,1% dos mozos e mozas internautas de 16 a 34 anos tiveron algún tipo de incidente relacionado coa ciberseguridade durante o 2022. Entre os adultos de 35 a 74 anos sufriron incidentes de seguridade nun 51,4% dos casos. A diferenza é de 7,7 puntos porcentuais.

O spam é o incidente de ciberseguridade que máis afectou durante o último ano a todos os rangos de idade, aínda que entre os moz@s de 16 a 34 anos a porcentaxe é lixeiramente maior que nos de 35 ou máis.

Tipo de incidente de seguridade que sufriu en internet nos últimos 12 meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que sufriron algún incidente de seguridade en internet nos últimos 12 meses)

Motivos para non realizar compras por Internet nos últimos 12 meses			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Spam	94,1%	1,8	92,3%
Estafas ou intentos de estafa	23,6%	-3,6	27,2%
Virus ou software malicioso	5,0%	-0,6	5,6%
Perda involuntaria de información (contactos de axenda, fotos, documentos...)	3,7%	-0,4	4,1%
Roubo de información (contrasinais ou outros)	3,2%	1,5	1,7%
Suplantación de identidade	1,6%	-0,2	1,8%
Cifrado da información do equipo e solicitude dun rescate para recuperala (ransomware)	0,3%	0	0,3%

4.2 Ciberseguridade: mocidade

Información persoal proporcionada nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron internet nos últimos 12 meses)

Información persoal proporcionada a través de Internet nos últimos 12 meses			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Datos persoais (nome, data de nacemento, número de documento de identidade)	87,0%	18,7	68,3%
Información de contacto (endereço, número de teléfono, e-mail)	87,1%	18,9	68,2%
Detalles de pago (número de tarxeta de crédito ou de conta bancaria)	78,4%	19,9	58,5%
Outra información persoal (conversacións privadas, fotos persoais, localización actual, información relativa á saúde, ocupación, ingresos...)	42,2%	14,2	28,0%



Os moz@s de 16 a 34 anos comparten en xeral máis información a través de Internet ca os adultos, con diferenzas de case 20 puntos porcentuais en case todas as categorías analizadas.



4.2 Ciberseguridade: mocidade

Accións para protexer a información por Internet nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron internet nos últimos 3 meses)

Accións para protexer a información por Internet			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Fai regularmente copias de seguridade da súa información persoal ou garda esa información persoal na nube	68,7%	26,1	42,6%
Denegar o permiso de uso da información persoal para fins publicitarios	49,0%	9,5	39,5%
Comprobar que o sitio web onde se necesitou proporcionar información persoal era seguro	46,7%	11,3	35,4%
Restrinxir o acceso á súa localización xeográfica	47,7%	13,4	34,3%
Non levou a cabo ningunha das accións anteriores	25,6%	-15	40,6%
Limitar o acceso ao seu perfil ou ao contido nas redes sociais	53,7%	23	30,7%
Ler a política de privacidade dos sitios web antes de proporcionar información persoal	31,5%	5	26,5%
Cambio do contrasinal wifi do seu domicilio	15,1%	1,7	13,4%
Pedir aos sitios web ou aos buscadores o acceso á información que posúen sobre vostede para actualizala ou eliminala	12,9%	3,8	9,1%



A idade é un factor que deriva nunha diferente prevención na seguridade en Internet. Case 7 de cada 10 internautas de 16 a 34 anos (o 68,7%), fai regularmente copias de seguridade da súa información persoal fronte ao 42,6% dos internautas galegos de 35 a 74 anos.

4.2 Ciberseguridade: mocidade

Medidas de Seguridade no teléfono móbil segundo a idade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que usaron internet nos últimos 12 meses)

Medidas de Seguridade no teléfono móbil			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
PIN ou patrón de desbloqueo	93,2%	3,8	89,4%
Pegada dixital ou outros datos biométricos	68,4%	24,2	44,2%
Copia do código IMEI	13,3%	2,9	10,4%
Posibilidade de borrado en remoto dos datos ou localización, en caso de perda do dispositivo	21,7%	8,8	12,9%
Cifrado dos datos	17,7%	4,7	13,0%
Non aplica ningunha das medidas anteriores	2,1%	-5,9	8,0%
Non aplica ningunha das medidas anteriores porque non dispón de teléfono móbil nin tablet	0,0%	-0,1	0,1%




O PIN ou patrón de desbloqueo é a medida de seguridade máis empregada en xeral polos mozos e mozas. Aínda así, a diferenza máis salientable é que a pegada dixital ou outros datos biométricos son usados xa por un 68,4% de moz@s, fronte ao 44,2% dos maiores de 35 anos.

4.2 Ciberseguridade: mocidade

Medidas de Seguridade que implantan os moz@s na rede Evolución 2018-2022


Información persoal proporcionada na rede

(% sobre o total de persoas de 16 a 34 anos que usaron internet nos últimos 12 meses)



Accións para protexer a información por Internet

(% sobre o total de persoas de 16 a 34 anos que usaron internet nos últimos 12 meses)




En 2022, os internautas galegos de 16 a 34 anos comparten máis a miúdo información persoal na rede que hai 4 anos.

Por outra banda aumenta, a frecuencia de accións para protexer a súa información por Internet. Incrementáanse tódalas accións, especialmente as comprobacións da seguridade dos sitios webs e as restricións das localizacións xeográficas.

4.2 Ciberseguridade: mocidade

Medidas de Seguridade que implantan os moz@s nos móbiles Evolución 2018-2022

(% sobre o total de persoas de 16 a 34 anos que usaron internet nos últimos 12 meses)



No 2022, incrementáanse as medidas de seguridade nos dispositivos móbiles dos internautas de 16 a 34 anos, especialmente no que se refire ao uso de medidas de seguridade como a pegada dixital ou outros datos biométricos.

4.3



Administración electrónica

4.3 Administración electrónica: mocidade

Trámites coa administración segundo a idade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizo Internet nos últimos 12 meses)

Trámites coa Administración			
Trámites coa Administración	Mozos/as (16-34 anos)	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores (35-74 anos)
Obter información da páxina web	88,3%	11,9	76,4%
Descargar formularios oficais	86,5%	11,1	75,4%
Enviar formularios cubertos	86,2%	10,4	75,8%
Descargar documentos xerados	72,3%	14,6	57,7%



Os internautas galegos de entre 16 e 34 anos optan con maior frecuencia por relacionarse coas AAPP a través da e-Administración, rexistrando vantaxes nos principais servizos superiores aos 10 puntos porcentuais respecto das persoas maiores de 34 anos.

4.3 Administración electrónica: mocidade

Procesos realizados coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses segundo a idade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que realizaron xestións por internet coas administracións e organismos públicos nos últimos 12 meses)

Procesos realizados coas AAPP a través de Internet			
	Mozos/as De 16 a 34 anos	Diferenza Xeracional (Puntos Porcentuais)	Maiores De 35 a 74 anos
Xestións sanitarias (pedir citas, solicitar tarxeta, cambios de médico...)	76,8%	-13	89,8%
Declaración da renda e pago doutros impostos e taxas (IBI, imposto sobre vehículos de tracción mecánica...)	29,2%	-17,2	46,4%
Xestións con centros educativos non universitarios (controis de asistencia dos fillos, tutorías...)	19,4%	0,4	19,0%
Tramitación ante oficinas de emprego (enviar currículo, responder ofertas...)	21,7%	9,4	12,3%
Tramitación de documentos persoais (carné de conducir, pasaporte...)	15,6%	2,9	12,7%
Petición e entrega de certificados (incluído Rexistro Civil)	12,1%	0,1	12,0%
Tramitación de beneficios sociais (axudas por fillos, bolsas, prestación de desemprego...)	14,0%	4,9	9,1%
Xestións universitarias (matricularse, consultar notas, calendario de exames...)	23,9%	20,1	3,8%
Acceso a bibliotecas públicas (consulta de fondos...)	12,5%	7,8	4,7%
Trámites agrogandeiros e forestais (permiso para queimas, movementos de gando, obtención de crotais...)	2,6%	-3	5,6%
Xestións vinculadas con actividades de xuventude, albergues...	4,5%	2	2,5%
Outro	3,3%	-0,7	4,0%



Aínda que as xestións sanitarias a través de Internet figuran como as máis realizadas polos moz@s de 16 a 34 anos, a maior diferenza cos adultos sitúase nas xestións universitarias online, con 20,1 puntos de fenda respecto dos maiores de 35 anos.


4.3 Administración electrónica: mocidade

Procesos realizados coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses Evolución 2018- 2022

(% sobre o total de persoas de 16 a 34 anos que realizaron xestións por internet coas administracións e organismos públicos nos últimos 12 meses)



Nos últimos 4 anos creceu a porcentaxe de mozos e mozas galegas que realiza xestións sanitarias utilizando Internet, tramitacións ante as oficinas de emprego, petición e entrega de certificados e as xestións con centros educativos non universitarios.







5. Comparación por edades: rapaciñ@s e adult@s

5.1 Comparación por idades: uso do teléfono móbil

Usa teléfono móbil: comparación por idades




Os/as rapaciñ@s vanse incorporando ao uso dos móbiles a partir dos 10 anos, cando case 7 de cada 10 rapaces xa utilizan este dispositivo.

A partir dos 16 anos, todos os tramos se manteñen en valores moi altos no uso de dispositivos dixitais, superiores ao 95%, ata os 64 anos.


2.3 Comparación por idades: uso de tablet ou ordenador

Usou tablet ou ordenador (de sobremesa ou portátil) nos últimos tres meses:
comparación por idades)

(% sobre o total de persoas de 5 a 74 anos)



(% sobre o total de persoas de 5 a 74 anos)





Os rapaciñ@s superan a poboación xeral no uso de tablets e ordenadores nos últimos tres meses.

O maior uso destes dispositivos acádase entre 10-15 anos e os 16-24 anos cun 95,2% e 94% de xente nova que os usa.

2.3 Comparación por idades: uso de internet

Usou internet nos últimos 3 meses: comparación por idades



A porcentaxe de rapaciñ@s que utilizou internet nos últimos tres meses é case idéntica á de adultos no ano 2022.

A porcentaxe de usuarios/as é elevado, por riba do 96%, dende os 10 anos ata os 54 anos.



6. Acesso aos equipamentos educativos digitais

6.1



**Equipamentos nos
fogares con rapaciñ@s**


6.1 Equipamentos nos fogares con rapaciñ@s



O 95,7% dos fogares onde residen nenos/as en idade escolar contan con ordenadores, superando en 23,4 puntos porcentuais aos fogares onde non conviven con nenos/as en idade escolar

Fogares con ordenador

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




A convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria continúa a ser un factor que incide nunha maior presenza de equipamentos e dixitalización dos fogares.

Nos fogares onde residen nenos/as en idade escolar, a presenza de ordenadores supera á media do resto de fogares en 23,4 puntos porcentuais.

6.1 Fogares dixitalizados

Equipamentos TIC dos fogares

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2022)

A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo na dixitalización, non só na dispoñibilidade de ordenadores no fogar, senón tamén en todo tipo de equipamento TIC.

A maior diferenza, de 30,2 puntos porcentuais, está na presenza de tablets, netbooks e outros dispositivos portátiles diferentes aos ordenadores e smartphones (67,6% e 36,4%). Tamén a consola de xogos con capacidade de acceso a Internet, ten una presenza moi superior nos fogares con rapaciñ@s, xa que é máis da tripla respecto aos que non (44,6% e 14,4%). Igualmente, hai máis de 20 puntos de diferenza na dispoñibilidade de ordenadores portátiles e de smart TV.


6.1 Fogares con internet



Nos fogares con nenos/as en idade escolar (dos 3 aos 16 anos), a porcentaxe de contratación de Internet acada o 99,7%, superando a media autonómica en 7 puntos porcentuais.

Fogares con conexión a internet

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



A contratación de Internet está relacionada coa convivencia de nenos/as en idade escolar.

O acceso a Internet contratado esténdese a case totalidade dos fogares onde residen nenos/as en idade escolar obrigatoria, acadando o 99,7% e superando en 9,1 puntos a porcentaxe de fogares onde non residen estes menores.

6.2

Integración das TIC na práctica educativa



6.2 Integración das TIC na práctica Educativa. Proxecto Abalar-Edixgal

INTEGRACIÓN DAS TIC NA PRÁCTICA EDUCATIVA

Proxecto ABALAR - EDIXGAL

Centros participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2021/22

		Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
5º e 6º curso Ed. Primaria	Centros públicos	383	138	61	36	148
	Centros privados concertados	35	17	1	1	16
1º e 2º curso ESO	Centros públicos	164	60	33	10	61
	Centros privados concertados	33	16	1	2	14
Total centros ABALAR-EDIXGAL	Centros públicos	509	178	88	43	200
	Centros privados concertados	37	17	1	2	17

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.

Nota: o total de centros é 546 e non coincide coa suma de primaria e de ESO porque hai centros que participan en ambos niveis educativos.

Aulas participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2021/22

		Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
5º e 6º curso Ed. Primaria	Centros públicos	1.236	503	166	98	469
	Centros privados concertados	94	42	4	4	44
1º e 2º curso ESO	Centros públicos	819	286	131	46	356
	Centros privados concertados	91	33	4	8	46

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.

Alumnado en aulas participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2021/22

		Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
5º e 6º curso Ed. Primaria	Centros públicos	21.628	9.586	2.517	1.541	7.984
	Centros privados concertados	2.143	997	85	63	998
1º e 2º curso ESO	Centros públicos	17.873	6.275	2.459	930	8.209
	Centros privados concertados	2.226	891	95	179	1.061

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.



INTEGRACIÓN DAS TIC NA PRÁCTICA EDUCATIVA

Proxecto ABALAR - EDIXGAL

Centros participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2022/23.

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Centros públicos	562	200	97	51	214
Centros privados concertados	38	17	1	2	18

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.

Aulas participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2022/23. ESTIMADO

		Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
5º e 6º curso ed. primaria	Centros públicos	1.270	523	174	106	467
	Centros privados concertados	93	40	4	4	45
1º a 4º curso ESO	Centros públicos	1.505	524	260	66	655
	Centros privados concertados	150	53	7	15	75

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.

Alumnado en aulas participantes no proxecto ABALAR - EDIXGAL. Curso 2022/23. ESTIMADO

		Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
5º e 6º curso ed. primaria	Centros públicos	22.215	9.959	2.638	1.674	7.944
	Centros privados concertados	2.113	947	90	59	1.017
1º a 4º curso ESO	Centros públicos	32.819	11.497	4.889	1.339	15.094
	Centros privados concertados	3.655	1.422	171	340	1.722

Fonte: AMTEGA. Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais.





7. Conclusiones

4. Conclusións: rapaciñ@s



O nivel de dixitalización dos rapaciñ@s galegos de 5 a 15 anos en 2022 é moi alto.

En todos os indicadores de dixitalización, as diferenzas de xénero d@s rapaciñ@s son mínimas ou nulas pero os rapaces tenden a dispoñer un pouco antes de acceso a internet (5 a 9 anos) e a tablets e ordenadores pero iguálase dos 10 aos 15. Os rapaces utilizan máis as consolas de videoxogos que as rapazas.

O 87,6% dos rapaciñ@s usou tablets ou ordenadores nos últimos tres meses superando en 18,1 puntos á poboación de 16 a 74 anos.

O telefono móbil foi utilizado polo 48,3% dos rapaces/as de 5 a 15 anos e a porcentaxe supera o 69% entre os rapaces/as de 10 a 15 anos.

O 89,3% de rapaciñ@s accederon algunha vez a internet e o 88,7% fíxoo nos tres últimos meses. Este indicador acada o 97,2% entre os nenos/as de 10 a 15 anos.

O 54,2% de rapaciñ@s de 5 a 15 anos xa navegan a diario varias veces. Se lles sumamos tamén os/as que navegan 5 ou máis días á semana, obsérvase que un 73,8% de rapaciñ@s navegan 5 días ou máis á semana.

No ano 2022, 7 de cada 10 nenos de 5 a 15 anos en Galicia acceden principalmente a internet para realizar actividades dedicadas ao entretemento, tales como ver vídeos (72,7%), xogos on line (72,4%) ou escoitar música (66%).

Os fogares con rapaciñ@s están moito máis equipados ca o resto, chegando a avantaxar en máis de 20 puntos na presenza de ordenadores portátiles, tablets, vídeo consolas e smart tv.



4. Conclusións: mocidade



O 83,9% da mocidade realiza compras por internet, co que supera en máis de 30 puntos á poboación de 35 a 74.

A mocidade sobresa nos apartados de "compra de roupa" e "servizos de restaurantes e comida a domicilio" respecto ao resto da poboación.


A excepción das actividades relacionadas coa saúde ou o emprego da banca electrónica, onde os maiores de 35 anos os superan, os moz@s internautas son máis activos na rede, coas maiores diferencias en actividades tales coma "colgar contidos propios a través dunha páxina web ou app compartidos", "copiar, mover ou almacenar ficheiros na nube", onde @s moz@s superan en máis 25 puntos porcentuais á poboación xeral.

Os internautas galegos de 16 a 34 anos superan en máis de 10 puntos porcentuais o uso da administración electrónica respecto dos demais rangos de idade.

A pesares de aplicar máis medidas de seguridade, a porcentaxe de moz@s que sufriron incidentes de ciberseguridade (70,6%) é case o dobre que o resto da poboación (36,4%).

A mocidade achega moita máis información persoal á rede que o resto da poboación pero tamén aumenta o uso de todas as medidas de seguridade dispoñibles.





8. Outros estudos OSIMGA de referencia


5. Outros estudos OSIMGA de referencia



Este informe, de periodicidade anual, avalía a evolución da dixitalización na sociedade galega. Foi realizado no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE, a partir dos datos recollidos na “Enquisa Estructural a fogares” do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA.



O estudo das Competencias dixitais da poboación galega permitiu medir as habilidades relacionadas coa información, comunicación, resolución de problemas e software. Mide o estado actual e as necesidades para o establecemento do marco común do novo certificado co que as persoas de Galicia poderán acreditar as súas competencias dixitais. Galicia é a primeira comunidade en adaptar a normativa aos criterios do Marco europeo de competencias dixitais para a cidadanía.



Este estudo permitiu identificar os perfís dixitais presentes no tecido empresarial galego e detectar a demanda de novas especializacións, especialmente no ámbito das tecnoloxías disruptivas. Analiza as tendencias educativas prestando especial atención nas relacionadas coa dixitalización. Presta especial atención ao papel que desenvolven no mercado laboral as persoas con titulacións STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Matemáticas e Enxeñarías).



Este informe anual serve para analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia. Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo. Baséase na enquisa estrutural a fogares do IGE, e a Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (INE).



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA